

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e unha entidade colaboradora no marco do procedemento AP400D**

### **Antecedentes**

O 17 de novembro de 2021 publicouse no BOE o Real Decreto 990/2021, de 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dito Real Decreto contempla no seu ANEXO I un orzamento para a Comunidade Autónoma de Galicia de 4.276.800,00€ para a execución de 727 actuacións.

No artigo 19 do citado Real Decreto 990/2021 se contempla que as comunidades autónomas poderán decidir xestionar as axudas a través dunha entidade colaboradora, actividade que sería financiable con cargo a este programa como coste indirecto, ata un máximo do 4% do orzamento asignado á Comunidade Autónoma, segundo se establece no artigo 11.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), como axencia pública autonómica, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico motivo polo cal lle corresponde a execución deste tipo de medidas de impulso ás redes de banda larga ultrarrápida.

Así, con data 6 de setembro de 2022, publicouse no DOG a resolución da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 25 de agosto de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, así como a selección da entidade colaboradora que participará na súa xestión, no marco do investimento C15.I4 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o período 2022-2023 (códigos de procedemento AP400C e AP400D).

Na dita resolución do 25 de agosto de 2022 recóllense os seguintes aspectos:





- O artigo 1 *Bases reguladoras e convocatoria*, no seu punto 3 dispón que «Procédese tamén a convocar a selección dunha entidade colaboradora para facilitar a xestión e o acceso das comunidades de propietarios ás axudas propostas».
- O artigo 2 *Procedemento de selección da entidade colaboradora (código de procedemento AP400D)*, nos seus puntos 4 a 6 dispón:

«4. O procedemento de selección, en cumprimento do artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, e a colaboración formalizarase mediante convenio.

5. O prazo de duración da colaboración estenderase desde o momento da sinatura do correspondente convenio ata o 31 de decembro de 2023.

6. A entidade seleccionada recibirá unha compensación económica polas tarefas de difusión e campaña de comunicación que efectuará co fin de dar a coñecer estas axudas, así como pola xestión da documentación das axudas. Esta compensación será de ata un 4 % da dotación orzamentaria máxima da convocatoria de subvencións e formalizarase mediante convenio.»

Así, no marco do procedemento AP400D para a selección dunha entidade colaboradora, unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, con data 28 de outubro de 2022, o órgano instrutor emitiu informe relativo ao cumprimento dos requisitos administrativos das solicitudes presentadas para ser entidade colaboradora, no que se considera que unha (1) solicitude presentada reunía todos os requisitos e a documentación necesaria establecidos na convocatoria para poder ser avaliada:

Expediente	Persoa solicitante	NIF
AP400D_002	FEDERACION NACIONAL DE ASOCIACIONES DE INSTALADORES DE TELECOMUNICACION (FENITEL)	G79922738

Visto o informe do órgano instrutor relativo ao cumprimento dos requisitos administrativos das solicitudes presentadas para ser entidade colaboradora (procedemento AP400D), o director da Área de Sociedade Dixital da Amtega asinou con data 31 de outubro de 2022 a proposta de resolución de selección da entidade colaboradora no marco do dito procedemento, na que se propón:





- Seleccionar a FEDERACION NACIONAL DE ASOCIACIONES DE INSTALADORES DE TELECOMUNICACION (FENITEL) con DNI G79922738 como entidade colaboradora.
- Notificar este acto ao interesado nos termos previstos no artigo 21 das bases reguladoras da convocatoria.
- Poñer á sinatura da FEDERACION NACIONAL DE ASOCIACIONES DE INSTALADORES DE TELECOMUNICACION (FENITEL) o convenio de colaboración entre esta e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que se anexa á proposta.

### Obxecto

A proposta de resolución de selección da entidade colaboradora inclúe no seu Anexo a proposta de convenio de colaboración coa entidade colaboradora, que se somete a informe.

Esta colaboración conta cunha dotación orzamentaria máxima de 164.492,31€ que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.781.0, coa seguinte distribución:

2022	2023	TOTAL
82.246,15€	82.246,16€	164.492,31€

Estas medidas enmárcanse no investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiando con fondos europeos NextGenerationEU. En concreto desenvolven as actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios (Programa UNICO – Edificios) previstas no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro), con fondos dispoñibles especificamente para o desenvolvemento destas medidas en Galicia.

A existencia destes fondos permitirá, polo tanto, levar a cabo estas actuacións.

En Santiago de Compostela.

José Luis Somoza Digón

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

